

ACTA Nº 50 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia de acordo co artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020. Os acordos tómanse contestando vía correo electrónico, coa opción “responder a todos”, no prazo que vai dende o envío da convocatoria o día 15 de febreiro ás 17:00 h. ata o día 20 de febreiro ás 13:00 h., sendo as opcións: “a favor”, “en contra”, ou “abstención”.

DATA: 20 de febreiro de 2024

HORA: 13:00 h.

ASISTENTES

Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)
Brao Viña, Ana M^a (PAS)
Campos Magdaleno, María (PDI)
Dosil Díaz, Carlos (PDI)
López Gómez, Santiago (PDI)
López Rúa, Paula (PDI)
Romero Castro, María José (PDI)
Santamaría Queiruga, Olaya (PDI)
Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)
Simil Romero, Isabel (Representante Estudiantado)
Souto Seijo, Alba María (PDI)

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico da Facultade de Formación do Profesorado. 2024-26. (Xúntase Plan Estratéxico)**

Acórdase aprobar o Plan Estratéxico da Facultade de Formación do Profesorado.
2024-26 (ver anexo), co seguinte resultado:

Número de votos emitidos: 11

Votos a favor: 11

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

A secretaria

Visto e Prace da Presidenta

Virginia Aznar Cuadrado

M. Carmen Sarceda Gorgoso

ANEXO

Plan estratéxico da Facultade de Formación do Profesorado 2024-2026

PLAN ESTRATÉXICO DE CENTRO (PEC)

2024-2026

FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO (FFP)

LUGO



ÍNDICE

1. LIMIAR

2. INFORMACIÓN XERAL SOBRE A FFP

2.1. Orixe do centro

2.2. Catálogo actual de titulacións

2.3. Sistema de Garantía de Calidade

2.4. Sistema de seguridade e saúde

3. MISIÓN, VISIÓN E VALORES (MVV) DA FFP

3.1. Misión: cal é a nosa razón de ser?

3.2. Visión: como queremos ser no futuro?

3.3. Valores: cales son os principios que deben inspirar a nosa actuación?

4. DIAGNOSE ESTRATÉGICA A NIVEL DE CENTRO

4.1. Análise DAFO

4.1.a) Fortalezas (F)

4.1.b) Debilidades (D)

4.1.c) Oportunidades (O)

4.1.d) Ameazas (A)

4.2. Análise CAME

4.2.a) Fortalezas-Oportunidades: Estratexias de Reforzo (ER)

4.2.b) Fortalezas-Ameazas: Estratexias Correctoras (EC)

4.2.c) Debilidades-Oportunidades: Estratexias de Acción (EA)

4.2.d) Debilidades-Ameazas: Estratexias de Supervivencia (ES)

5. LIÑAS ESTRATÉGICAS (LE)

5.1. Introducción ás liñas estratégicas

5.2. Listaxe de liñas estratégicas e xustificación das mesmas

5.3. LE1: DAFO e CAME

5.4. LE2: DAFO e CAME

5.5. LE3: DAFO e CAME

5.6. LE4: DAFO e CAME

5.7. LE5: DAFO e CAME

6. OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS (OE)

6.1. Introducción aos obxectivos estratégicos

6.2. Táboas de obxectivos estratégicos de cada LE

6.2.a) LE1: Obxectivos estratégicos e accións

6.2.b) LE2: Obxectivos estratégicos e accións

6.2.c) LE3: Obxectivos estratégicos e accións

6.2.d) LE4: Obxectivos estratégicos e accións

6.2.e) LE5: Obxectivos estratégicos e accións

7. TÁBOA RESUMO

1. LIMIAR

De acordo co [Manual de Procesos da Facultade de Formación do Profesorado](#), o Proceso PE-01 (Planificación Estratégica) ten por obxecto elaborar, aprobar, e realizar o seguimento e actualización da planificación estratéxica da Facultade, co fin de establecer a súa misión e os valores baixo os que acadar a súa visión, así como aliñar a súa planificación coa política e os obxectivos xerais da Universidade de Santiago de Compostela, realizando as consultas necesarias cos diferentes grupos de interese. O obxectivo deste proceso acádase a través da formulación do Plan Estratégico de Centro (PEC) da Facultade.

O presente documento recolle, polo tanto, **o Plan Estratégico de Centro correspondente á Facultade de Formación do Profesorado para o período 2024-2026**, de acordo coa documentación recibida da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, e tendo en conta as indicacións proporcionadas pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. O PEC é o resultado dun proceso de reflexión colectiva, no que se formula unha aposta de futuro arredor das directrices a seguir e as tarefas a acometer para acadar a posición que queremos para a nosa Facultade nun futuro próximo.

Para a elaboración do PEC tomáronse como referencia os seguintes documentos:

- Manual Marco de Procesos de Centro da USC (MMPC)
- [Manual de Procesos da Facultade de Formación do Profesorado](#)
- [Programación Plurianual USC 2023-2026](#)
- [Plan Estratégico da Facultade de Formación do Profesorado 2016-2022](#)
- A versión en vigor da Misión, Visión e Valores da USC, que se pode consultar na [sección de Transparencia da Web institucional](#)

Consonte ao Proceso PE-01 do Manual Marco de Procesos de Centro (MMPC), os PEC deben conter unha reflexión sobre o estado actual do centro e unha perspectiva do seu desenvolvemento futuro, incluíndo a misión, visión, valores, análise DAFO, análise CAME, liñas estratéxicas e obxectivos estratéxicos dese centro. Asimesmo, o Proceso PE-02 establece que a revisión periódica do cumprimento do PEC e a elaboración de plans de mellora para completar o seu desenvolvemento realízanse e apróbanse como parte da Memoria de Calidade de Centro anual. Nesta memoria revísase o cumprimento dos obxectivos estratéxicos do PEC e concréntanse os obxectivos do plan estratéxico a desenvolver no seguinte ciclo anual de mellora.

Tendo isto en conta, no PEC 2024-2026 da FFP fíxanse a misión (cal é a nosa razón de ser?), a visión e os propósitos estratéxicos (como queremos ser no futuro?) e os valores do noso centro (cales son os principios ou ideais que deben inspirar a nosa actuación?). Asimesmo, descríbese reflexivamente a situación do centro facendo unha diagnose estratéxica na que se emprega a metodoloxía propia da análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) e a análise CAME (Corrixir as Debilidades, Afrontar as Ameazas, Manter as Fortalezas e Explotar as Oportunidades), e establécense liñas estratéxicas (LE) cos seus correspondentes obxectivos estratéxicos (OE) e accións a

realizar para cumprir eses obxectivos. Na definición das liñas estratéxicas téñense en conta as estratexias de reforzo ou ofensivas (usar as fortalezas para aproveitar as oportunidades), correctoras ou defensivas (superar as ameazas empregando as fortalezas), de acción ou reorientación (superar as debilidades internas aproveitando as oportunidades externas), e reactivas ou de supervivencia (afrontar as ameazas reducindo as debilidades).

Seguindo as directrices establecidas no Proceso PE-01 (Planificación Estratéxica) do [Manual de Procesos da Facultade de Formación do Profesorado](#), o equipo de dirección da Facultade nomeou **un grupo de traballo** responsable da elaboración do PEC. Neste caso, o grupo de traballo está constituído polos membros da Comisión de Calidade do Centro, ao considerarse que na devandita comisión se atopan representados os diferentes grupos de interese.

Táboa 1. Grupo de traballo responsable da elaboración do PEC da FFP-Lugo

| MEMBROS DO GRUPO DE TRABALLO | RESPONSABILIDADE |
|--|---|
| Carmen Sarceda Gorgoso | Decana, Coordinadora do MDAEN e Coordinadora do TFG do GMEP |
| Virginia Aznar Cuadrado | Secretaria da Facultade |
| Paula López Rúa | Vicedecana e Responsable de Calidade do Centro |
| M ^a José Romero Castro | Coordinadora de Calidade |
| Alba M ^a Souto Seijo | Coordinadora do GMEI |
| María Campos Magdaleno | Coordinadora do GMEP |
| Carlos Dosil Díaz | Coordinador do MPES |
| Olaya Santamaría Queiruga | Coordinadora Xeral do Prácticum |
| Santiago López Gómez | Vicedecano e Coordinador do TFG do GMEI |
| Ana M ^a Brao Viña | Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos |
| Isabel Simil Romero Natalia Fernández Fernández | Representantes do Estudantado |

Consonte ás indicacións que figuran nese mesmo Proceso (PE-01), o grupo de traballo asumiu a realización da tarefa de diagnose estratéxica e a elaboración dun documento inicial, o cal se someteu a **exposición pública** para o coñecemento por parte de todos os grupos de interese do labor desenvolvido, establecendo unha canle de comunicación para recibir suxestións que permitisen mellorar o texto provisional e recompilando evidencias do desenvolvemento do proceso.

Unha vez incorporadas as suxestións, a versión final do documento foi debatida e aprobada en Comisión de Calidade con data XXX, para ser posteriormente enviada á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para a emisión do correspondente informe favorable.

Unha vez recibido o informe, o documento apróbase en Xunta de Facultade con data XXX, e remítese novamente á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para que

a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno informe sobre o plan (Informe favorable con data XXX).

Finalmente, seguindo o proceso PS-06 (Información pública) do [Manual de Procesos da Facultade de Formación do Profesorado](#), o/a Decano/a da Facultade difundirá o contido do documento elaborado aos grupos de interese para aumentar a toma de conciencia e a motivación dos mesmos na consecución dun ensino de calidade.

2. INFORMACIÓN XERAL SOBRE A FFP

2.1. Orixe do centro

A Facultade de Formación do Profesorado é un centro da Universidade de Santiago de Compostela que desenvolve a súa actividade no Campus de Lugo. A súa orixe remóntase ao 30 de outubro de 1842, data en que foi inaugurada oficialmente a Escola Normal de Mestres de Lugo, se ben a súa actividade non se puido consolidar ata 1849, cando se habilitaron para ese fin unhas dependencias anexas ao Convento de San Domingos. Esta circunstancia converte á Facultade de Formación do Profesorado no centro universitario que goza dunha maior tradición no Campus de Lugo. Na páxina web da Facultade, dentro da pestana dedicada ao centro, pódese atopar unha sección na que se ofrece un [resumo da súa historia](#), desde os seus oríxenes ata a actualidade.

2.2. Catálogo actual de titulacións

Na FFP impártense actualmente ensinanzas conducentes á obtención dos seguintes títulos:

- Grao en Mestre/a de Educación Infantil (GMEI)
- Grao en Mestre/a de Educación Primaria (GMEP)
- Dobre grao en Mestre/a de Educación Infantil e Primaria
- Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas (MPES)
- Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (MDAEN)

Os catro primeiros títulos impártense conxuntamente coa Facultade de Ciencias da Educación, mentres que o MDAEN é un título exclusivo desta Facultade.

No centro impártese asimismo o curso de especialización en Formación Pedagóxica e Didáctica do profesorado Técnico de Formación Profesional que, a través dun convenio coa Xunta de Galicia, habilita para o acceso á función docente.

2.3. Sistema de garantía de calidade (SGC)

Polo que respecta ao **Sistema de Garantía de Calidade**, a implantación do SGC no ano 2011 posibilitou o desenvolvemento do traballo no centro nun contexto de ciclo de mellora continua. Desde esta perspectiva, o SGC revísase periódicamente para proceder á súa actualización e mellora, e neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, os cales teñen a oportunidade de realizar as súas achegas e suxestións ao mesmo. Neste senso, cómpre deixar constancia de que en setembro de

2018 foi aprobada a modificación do SGC Marco da USC, coa finalidade de acadar unha simplificación que redunde nunha maior operatividade do mesmo. O novo SGC contempla un manual do sistema para os centros, onde se desenvolve o alcance, a estrutura para o seu desenvolvemento e os detalles do seu funcionamento, de maneira semellante aos actuais manuais simplificados. O novo mapa de Procesos inclúe 2 Procesos Estratégicos (PE), 5 Procesos Clave (PC) e 6 Procesos de Soporte (PS). A 6ª Edición do [Manual do Sistema de Garantía de Calidade](#) da FFP, así como o [Manual de Procesos](#) derivado do mesmo, están dispoñibles na páxina web da Facultade, visibles para calquera persoa interesada.

O seguimento do Sistema de Garantía de Calidade, da vixencia e adecuación dos seus procesos, procedementos e documentación, así como dos seus resultados, faise anualmente na Memoria de Calidade do Centro (MCC), na que son asimesmo obxecto de análise a vixencia da [Política de Calidade](#), a evolución e grao de cumprimento do Plan Estratégico, a evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade, e o seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (PMA).

2.4. Sistema de seguridade e saúde

Ademais da adecuación para a función formativa, a Facultade ten en conta a adecuación dos espazos e infraestruturas en canto ao cumprimento das normativas de seguridade no traballo. Neste sentido, a FFP ten actualizado o seu [Plan de Autoprotección](#), e na [web da Facultade](#), na pestana correspondente a ese Plan, pódese atopar información sobre o mesmo, os protocolos de actuación en caso de emerxencia e evacuación, as accións formativas desenvolvidas, os informes dos simulacros de emerxencia, e os planos de sinalización. Por outra banda, a Facultade pasa cada cinco anos unha revisión específica do [Servizo de prevención de riscos laborais](#) para a identificación de posibles fontes de risco. De acordo co máis recente deses informes, a Facultade non conta con ningún punto de risco elevado para a saúde laboral ou a seguridade das persoas. No relativo á accesibilidade universal, todos os espazos da Facultade son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado.

3. MISIÓN, VISIÓN E VALORES (MVV) DA FFP

3.1. Misión: cal é a nosa razón de ser?

A FFP é un centro de educación superior que ten como misión a formación de profesionais que sexan quen de levar a cabo os procesos educativos que lles demande a sociedade, asumindo para iso o deseño, planificación, organización e desenvolvemento dos estudos conducentes á obtención dos títulos académicos oficiais de Grao e Mestrado que habilitan para o exercicio da profesión docente nas súas diferentes variantes e etapas educativas, así como outras ensinanzas que teñan como finalidade a preparación para o exercicio de actividades profesionais especializadas no

ámbito educativo.

A función da nosa Facultade no momento e contexto actuais abrangue asimesmo preparar aos educadores do futuro para que poidan afrontar os desafíos da educación na era dixital. Ademais, debe proporcionar aos estudantes unha formación rigorosa e actualizada en teoría e práctica pedagóxica, así como en habilidades tecnolóxicas e de comunicación necesarias para involucrar aos estudantes de maneira efectiva. Tamén é parte da nosa misión fomentar a investigación e a innovación en educación, así como traballar en estreita colaboración coas escolas e comunidades locais para mellorar a calidade da educación en xeral.

3.2. Visión: como queremos ser no futuro?

A FFP quere ser recoñecida no contexto universitario e social como unha institución pública de ensino superior que desenvolve programas formativos da mellor e máis adecuada calidade para o seu estudiantado, e que da resposta ás necesidades do sistema educativo e social máis próximo, así como ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, ao tempo que asegura condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos, e que rende socialmente contas do investimento e optimización dos seus recursos.

A visión futura da nosa Facultade é a ser dunha institución líder na formación de educadores, recoñecida pola súa calidade académica e por formar profesionais capaces de afrontar os desafíos educativos do século XXI. Aspiramos a ser quen de proporcionar unha formación integral e actualizada ao alumnado, que lle permita desenvolver habilidades pedagóxicas e tecnolóxicas necesarias para afrontar os desafíos da educación na era dixital, e para que sexa capaz de liderar o cambio e a innovación educativa nas súas comunidades. Desexamos contribuír á creación dunha cultura de excelencia académica e de compromiso social en toda a comunidade educativa.

3.3. Valores: cales son os principios que deben inspirar a nosa actuación?

A FFP dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese, comprometéndose a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición, sempre dentro do estrito cumprimento dos requisitos legais aplicables. Para iso, o centro adquire o firme compromiso de desenvolver as súas actuacións baixo os seguintes principios:

- Preservación e potenciación dos nosos propios sinais de identidade.
- Compromiso coa lingua e a cultura galegas, coas peculiaridades do seu sistema educativo e coa sociedade lucense.
- Compromiso coa transferencia de coñecemento e de servizo á sociedade, como contribución ao desenvolvemento educativo, social e económico de Galicia.
- Respecto aos dereitos de todas as persoas e compromiso coa equidade, coa igualdade entre o home e a muller, e coa eliminación de todo tipo de discriminacións.
- Rexeitamento de calquera forma de fanatismo, dogmatismo, sectarismo ou fraude científico na formación do estudiantado ou na actividade investigadora do

profesorado.

- Procura permanente da excelencia, garantindo unha oferta académica de alta calidade consonte ás necesidades e expectativas das e dos nosos usuarios e da sociedade en xeral, e fomentando a investigación e a innovación educativa co fin de mellorar a calidade da educación e a formación dos educadores do futuro.
- Compromiso coa transparencia, o rendemento de contas, a eficiencia e a eficacia na xestión dos recursos, e o desenvolvemento sustentable.
- Compromiso cunha xestión baseada no diálogo, a participación, a confianza e a responsabilidade compartida, fomentando a colaboración e o traballo en equipo entre estudantado, profesorado e persoal administrativo.
- Fomento da responsabilidade ética do estudantado, profesorado e persoal administrativo, promovendo valores como a honestidade, a integridade e o respecto aos demais.
- Compromiso cun modelo de formación que promova nas e nos estudantes o pensamento autónomo, a capacidade de construírse a si mesmos, a curiosidade por coñecer, o fortalecemento da ética profesional, e a cultura do diálogo e a cooperación.
- Compromiso coa orientación do estudantado do programa formativo, entendendo que é o seu principal receptor.
- Vinculación cos fundamentos que rexen unha educación democrática, con especial atención á tolerancia, igualdade de oportunidades, respecto ás diferenzas, espírito de emprendemento e asunción de responsabilidades na toma de decisións.
- Concordancia cos esforzos internacionais por deter a violencia entre nacións e culturas, atendendo as necesidades educativas de persoas desprazadas en situación de vulnerabilidade.
- Concordancia cos esforzos internacionais por deter o cambio climático, promovendo a protección do medio natural e a saúde do planeta como base para o benestar das persoas.

4. DIAGNOSE ESTRATÉGICA A NIVEL DE CENTRO

Co fin de identificar de xeito máis eficaz as liñas estratéxicas de actuación, considerouse pertinente iniciar o labor de diagnose estratéxica **abordando en primeiro lugar as análises DAFO e CAME a nivel de centro**, é dicir, avaliar a situación actual da Facultade mediante a análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades), e definir posibles estratexias de mellora mediante a análise CAME (Corrixir, Afrontar, Manter e Explotar), xa que estas ferramentas estratéxicas serven en orixe **para reflexionar sobre a situación na que se atopa unha organización e definir estratexias de mellora** na mesma. Dese xeito, nas subseccións que seguen recóllense os resultados de ámbalas dúas análises en todas as súas dimensións. Para realizar as análises tivéronse en conta as Directrices e os aspectos que dentro de cada unha se contemplan na Memoria de Calidade do Centro (particularmente as Directrices 2 a 6).

4.1. Análise DAFO

Preséntanse a continuación os resultados da análise da situación da Facultade polo que respecta aos catro aspectos a tomar en consideración (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades), comezando polo binomio Fortalezas-Debilidades e rematando con Oportunidades-Ameazas, e iniciando as descrições cos aspectos positivos (Fortalezas fronte a Debilidades, e Oportunidades fronte a Ameazas).

4.1.a) Fortalezas (F)

Os puntos fortes actuais da Facultade son os seguintes:

- F1.** A Facultade de Formación do Profesorado é un centro histórico socialmente ben asentado e recoñecido no ámbito xeográfico provincial, e profundamente consolidado no campus universitario lucense, ao que lle achega anualmente unha importante porcentaxe do alumnado que recibe.
- F2.** A Facultade de Formación do Profesorado é o único centro en Galicia que ofrece formación inicial para todo o profesorado de niveis non universitarios, así como formación para o profesorado técnico de FP. Nomeadamente, a Facultade ofrece graos, mestrados e programas de formación continua
- F3.** A Facultade oferta titulacións de Grao que contan cunha demanda sostida desde o momento da súa implantación.
- F4.** A Facultade oferta titulacións de Grao que teñen unha forte identidade formativa e un destacable nivel vocacional do seu estudantado.
- F5.** A Facultade oferta un Dobre grao de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria, tendo sido a primeira Facultade en impartir esta dobre titulación no Sistema Universitario de Galicia. A oferta destes estudos permitiu ampliar o radio de captación e a cualificación académica do alumnado.
- F6.** O perfil formativo e profesional do MDAEN é único no Sistema Universitario de Galicia, e un dos poucos no Sistema Universitario Español, outorgándolle visibilidade á Facultade no conxunto de España e a nivel internacional.
- F7.** O MDAEN facilita a formación profesional complementaria dos egresados e das egresadas da Facultade, así como o seu acceso aos estudos de Doutoramento.
- F8.** O MPES conta cunha demanda sostida desde o momento da súa implantación, e ofrece a capacitación necesaria para o exercicio dunha profesión regulada.
- F9.** A Facultade imparte ademáis un curso de formación continua en Formación Pedagóxica e Didáctica do profesorado Técnico de Formación Profesional que, a través dun convenio coa Xunta de Galicia, habilita para o acceso á función docente, sendo o único destas características no Sistema Universitario Galego.
- F10.** Nestes últimos anos, a Facultade, a través do equipo decanal e as coordinacións de curso e título, impulsou a mellora da coordinación horizontal e vertical do PDI coa elaboración de documentos guía e protocolos de actuación, un aspecto valorado positivamente nas recentes renovacións das acreditacións dos títulos de Grao.
- F11.** A Facultade ven contando nestes últimos cursos cun Plan de Formación e Orientación do Estudantado (Plan FORTE-FFP), que integra de xeito flexible e dinámico diferentes iniciativas para contribuir á formación competencial do alumnado e á súa orientación académica e profesional. Este Plan foi recoñecido e

premiado pola USC na Convocatoria de Boas Prácticas de Calidade do ano 2022, e valorado positivamente no proceso de renovación da acreditación dos títulos de Grao.

- F12.** A Facultade de Formación do Profesorado conta cun capital humano excepcional, salientándose a dedicación e compromiso do PDI para resolver as carencias de recursos humanos en determinadas áreas, así como a dedicación, compromiso e eficiencia do PAS nas súas tarefas de apoio aos labores do profesorado e do alumnado.
- F13.** Nos últimos cursos apréciase un incremento na participación do PDI en proxectos de Aprendizaxe-Servizo (ApS) e innovación educativa.
- F14.** Resáltase tamén o incremento na capacidade investigadora, que se manifesta tanto no número de sexenios como en proxectos de investigación, teses dirixidas e contratos/convenios con empresas e outras institucións.
- F15.** A Facultade capta importantes recursos a través das convocatorias anuais de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia, financiamento de actividades de mestrados oficiais e prácticas de campo.
- F16.** A Facultade presenta bos indicadores de rendemento nas titulacións ofertadas.
- F17.** Nos últimos cursos fíxose un gran esforzo coa colaboración do PAS para adaptar da páxina web da Facultade ao formato institucional, e recompilar e aloxar toda a información de interese sobre o centro, aspecto avaliado satisfactoriamente nas recentes renovacións das acreditacións dos títulos de Grao.
- F18.** A creación dun segundo Vicedecanato na Facultade (en cumprimento dun dos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan anterior) a finais do curso 2022-2023 fixo posible un reparto máis eficiente das tarefas de xestión no equipo decanal, particularmente polo que concirne a labores relacionadas coa calidade.
- F19.** A situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia da Covid-19 contribuíu á modernización dos equipamentos das aulas e á xeneralización do uso de ferramentas de traballo colaborativo a distancia (como Microsoft Teams), e tamén incrementou a participación do PDI en cursos de formación sobre esas ferramentas e para optimizar o uso do Campus Virtual.

4.1.b) Debilidades (D)

Os puntos febles actuais da Facultade son os seguintes:

- D1.** A inexistencia dunha rede o suficientemente ampla e estable de centros colaboradores do Prácticum das titulacións de Grao complica o proceso de adscrición do estudantado para o desenvolvemento dos períodos de estadía en prácticas.
- D2.** A insuficiencia de espazos en relación co elevado número de alumnado matriculado dificulta o desenvolvemento axeitado da docencia, sendo especialmente complicada a situación da área de Didáctica da Expresión Corporal, que non conta cun espazo axeitado para o desenvolvemento das súas materias.
- D3.** Obsérvase que o límite do número de prazas de novo ingreso recollido nas Memorias dos Títulos de Grao incúmprese ano tras ano, o cal repercute negativamente na ratio profesor-alumno e na calidade da docencia impartida, e ocasiona problemas para acomodar ao alumnado nos espazos dispoñibles.

- D4.** Os recursos humanos da Facultade son insuficientes, tanto en termos de persoal de apoio como de profesorado, o que conleva unha carga de traballo extra para ámbolos dous colectivos e limita a capacidade de ofrecer unha educación de calidade.
- D5.** A elevada ratio de estudantes por docente dificulta enormemente os procesos de ensino-aprendizaxe e, en particular, a titorización e avaliación dos TFG.
- D6.** Existe un importante desaxuste entre a capacidade teórica estimada e a carga real de traballo do profesorado debido á falta de inclusión de horas de traballo de TFG, TFM e Prácticum no plan de organización docente (POD).
- D7.** A Facultade conta cun elevado número de profesorado asociado, cuxas limitacións horarias afectan á estruturación dos horarios xerais do centro e inflúen negativamente na satisfacción do alumnado coa docencia recibida.
- D8.** A precariedade na contratación do PDI limita as posibilidades de desenvolvemento da súa carreira profesional e o recoñecemento da súa traxectoria investigadora.
- D9.** A escasez de profesorado trae como consecuencia a sobrecarga dos PODs do PDI da Facultade e a imposibilidade de descontar Horas Docentes Equivalentes e incluso reducións obrigatorias por cargos.
- D10.** A participación de profesorado, e especialmente estudiantado, en programas de mobilidade, malia que mellorou nos últimos cursos, continúa a ser baixa. No caso do profesorado, isto é maiormente debido á súa sobrecarga de traballo, a cal imposibilita que a docencia sexa cuberta por outra persoa mentras o/a docente se atopa de estada.
- D11.** Con frecuencia, quedan postos sen cubrir correspondentes á representación do alumnado en comisións e órganos colexiados da Facultade.
- D12.** A falta de persoal especializado para o mantemento da páxina web da Facultade impide que nela apareza información completa nalgún idioma estranxeiro (por exemplo, en inglés), o que non favorece a internacionalización e a mobilidade.
- D13.** A escasa presenza de grupos de investigación e de traballo interdisciplinar entre o profesorado, así como de grupos de innovación consolidados, dificulta a consecución dalgúns obxectivos de calidade.
- D14.** Nos últimos cursos, detéctase unha mobilidade excesiva do profesorado entre campus debido á permisividade da normativa da USC, o cal ocasiona problemas a diferentes niveis. As funcións docentes quedan ás veces desatendidas, xa que o resto do profesorado, cun POD xa sobrecargado, non está en condicións de poder asumilas mentras se cubre a praza vacante. Asemade, o problema afecta á xestión da Facultade se o profesorado que se traslada ocupaba algún cargo. Ese cargo ten que ser cuberto por outra persoa, cuestión complicada novamente por mor da escasez de PDI dispoñible, e que supón invertir máis tempo e recursos para formar a esoutra persoa no desempeño das súas funcións.
- D15.** As Memorias dos Títulos de Grao impartidos na Facultade requiren de axustes e modificacións para adaptalos ás condicións reais de impartición das materias e aos avances experimentados na teoría e a práctica pedagóxicas.
- D16.** No proceso de renovación das acreditacións dos títulos de Grao, o comité avaliador sinalou como eido susceptible de mellora a escasa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, particularmente as referentes á titulación e as dos egresados. As baixas porcentaxes de participación poden ter un impacto negativo no funcionamento do centro: a falta de información sobre ese grupo de interese pode

dificultar a identificación de áreas que precisan melloras, e a falta de representatividade se soamente un pequeno grupo de estudantes participa nas enquisas pode conducir á toma de decisións baseadas en información incompleta ou sesgada.

4.1.c) Oportunidades (O)

Identifícanse as seguintes situacións futuras que poden supoñer unha vantaxe para a Facultade ou unha posibilidade de mellora:

- 01.** O futuro traslado da Facultade ao Campus de Fingoi pode brindar oportunidades para mellorar as instalacións e os recursos, así como os horarios e dispoñibilidade de aulas do centro, actualmente complicados por mor do elevado número de alumnado matriculado. e da ausencia dun espazo de xestión propia para a impartición de materias de Didáctica da Expresión Corporal.
- 02.** O desenvolvemento do Campus Terra representa unha oportunidade que non se pode desaproveitar, especialmente polo que se refire á titulación do MDAEN, e abre unha porta ao deseño de novas titulacións coherentes cos fins e obxectivos do campus.
- 03.** A existencia de redes específicas internacionais de educación ao aire libre permite que a Facultade, a través do MDAEN, se poida situar nun escenario privilexiado para formar parte de correntes pedagóxicas innovadoras en Europa.
- 04.** O protocolo de colaboración entre a Deputación de Lugo, a Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e o Campus Terra da USC pode permitir a captación de recursos para a promoción e mellora da calidade das titulacións de mestrado.
- 05.** A USC abre periodicamente un calendario para efectuar novas propostas e modificacións de titulacións de Grao e Mestrado que permiten facer axustes nas Memorias dos Títulos para adaptalas ás novas necesidades e mellorar a calidade das titulacións impartidas.
- 06.** A posibilidade de implantar na Facultade titulacións de posgrao con perfil investigador sería unha oportunidade para atraer e reter talento docente e fomentar a investigación dentro do centro.
- 07.** O feito de que a Facultade é a única do Sistema Universitario de Galicia que forma a docentes de todos os niveis educativos non universitarios pode ser un atractivo engadido e un elemento de captación de novo alumnado.
- 08.** O compromiso e as boas relacións existentes entre os centros educativos receptores do alumnado en prácticas e a Facultade poden facilitar o desenvolvemento exitoso das estadias de prácticas.
- 09.** O Plan de Formación e Innovación Docente da USC posibilita á asistencia do PDI a cursos de formación, o cal lle permite aumentar e actualizar os seus coñecementos e redonda na calidade da docencia impartida.
- 010.** O Servizo de Planificación e Programación do PAS desenvolve un programa de formación que posibilita a actualización do persoal para un mellor desempeño das súas funcións.
- 011.** A convocatoria periódica de procesos electorais por parte da USC representa unha boa oportunidade para fomentar a participación do alumnado nos órganos

colexiados.

- O12.** A participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia permite unha mellor difusión do centro e da especificidade da formación que imparte para a captación de alumnado.
- O13.** A USC conta cun amplo abano de servizos á comunidade universitaria (Área de orientación laboral e emprego, Oficina de desenvolvemento sostible, Oficina de igualdade de xénero, Servizo de normalización lingüística, Servizo de participación e integración universitaria, etc.), os cales poden facilitar o desenvolvemento das accións de formación e orientación que se planifiquen para o estudantado da Facultade.
- O14.** Existe dispoñibilidade dun número cada vez máis amplo de profesionais externos que poden colaborar no desenvolvemento de actividades complementarias e transversais para a formación do alumnado
- O15.** Existe unha relación constante co gabinete de comunicación da USC e cos medios de comunicación locais para informar sobre noticias relevantes relacionadas coa Facultade.
- O16.** A expansión dos medios telemáticos para a docencia e a investigación, a raíz da pandemia ocasionada pola Covid-19, abre a oportunidade de utilizar novas canles e ferramentas de traballo e comunicación, non soamente dentro da propia Facultade para o desempeño de tarefas docentes e de xestión, senón tamén para relacionarse con estudantes e docentes doutras comunidades e países, e permitir a consolidación de redes de investigación internacionais.
- O17.** A participación da Facultade en actividades científicas e académicas en colaboración con outras institucións nacionais e internacionais pode permitir avanzar no coñecemento e a formación dos presentes e futuros profesionais da educación.
- O18.** O aumento dunha persoa no equipo decanal, co consecuente reparto de tarefas, pode incrementar a capacidade de planificación e execución de proxectos e iniciativas de mellora en todas as áreas (recursos materiais, atención ao alumnado, etc.).

4.1.d) Ameazas (A)

Identifícanse os seguintes obstáculos futuros que poden impedir a consecución dos resultados esperados ou a implantación de estratexias de mellora na Facultade:

- A1.** A mobilidade excesiva do profesorado da Facultade cara ao campus de Santiago pode afectar á desexable estabilización do PDI con respecto ás materias que imparte, véndose esta ameazada.
- A2.** O Campus de Santiago de Compostela concentra grupos de investigación, o cal supón unha ameaza para a captación e permanencia do profesorado no campus de Lugo, e concretamente na Facultade.
- A3.** Existe unha elevada competencia dentro e fóra do Sistema Universitario de Galicia: as nosas titulacións de Grao ofértanse nas tres universidades galegas e en cinco dos seus campus, á marxe do centro adscrito da Universidade de Vigo. Asemade, esas mesmas titulacións ofértanse en todas as universidades públicas e en moitas privadas, en numerosos casos en modalidade semipresencial.

- A4.** A limitada oferta de emprego (público e privado) directamente relacionado cos títulos impartidos no centro con respecto ás cifras anuais de egresados e egresadas pode supoñer unha ameaza para a demanda das titulacións.
- A5.** As carencias de profesorado e a precariedade na súa contratación poñen en risco o nivel mínimo de calidade esixible para a impartición dos títulos. Nese senso, cómpre sinalar ademáis que os prazos que transcorren entre as convocatorias de concursos de novo profesorado ou listas de agarda e a súa resolución poden deixar docencia sen cubrir temporalmente, a cal non pode ser asumida sen sobrecargar ao restante PDI.
- A6.** A escasa implicación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na organización e desenvolvemento do Prácticum non facilita os procesos correspondentes.
- A7.** O labor docente do PDI está escasamente recoñecido e incentivado no sistema universitario, posto que as avaliacións externas e os procesos de acreditación priorizan a valoración das tarefas de investigación sobre as docentes. Isto supón unha ameaza para a captación e retención de PDI en centros como esta Facultade, co profesorado sobrecargado de horas docentes e un alto número de alumnado.
- A8.** A falta de programas de doutoramento directamente vencellados á facultade ameaza a captación e permanencia de alumnado e profesorado. O alumnado que queira seguir formándose para a investigación vese obrigado a desprazarse a outro campus (normalmente a Santiago). Asimesmo, o profesorado que ven á Facultade non crea un vínculo con ela, principalmente no eido da investigación, e isto deriva nunha elevada mobilidade intercampus (do campus de Lugo ao de Santiago), con consecuencias negativas para a docencia e a investigación na desenvolvidas na Facultade.
- A9.** O escaso recoñecemento académico das tarefas de supervisión e coordinación das materias do Prácticum, sumado ao non recoñecemento efectivo de HDEs por outras tarefas de coordinación docente (curso, titulación, mobilidade, calidade, etc.), supoñen un obstáculo para atopar docentes dispostos a asumilas, ameazando á desexable calidade da docencia e á eficiencia da xestión do centro.
- A10.** Nestes últimos cursos vense detectando un aumento das condutas disruptivas continuadas na aula por parte dalgúns estudantes, así como un uso inadecuado ou excesivo de dispositivos móbiles, aspectos diante dos cales o PDI se atopa sen protocolos ou ferramentas efectivas de actuación dentro do marco legal institucional. Isto pode poñer en risco a convivencia no centro e a impartición dunha docencia de calidade.
- A11.** O deseño das novas páxinas web das Facultades é pouco flexible, dificulta a gravación da información e non facilita unha visualización “amigable” da mesma, en particular no que se refire aos horarios de clase. Isto pode repercutir negativamente na satisfacción do alumnado coa información pública dispoñible.
- A12.** As limitacións orzamentarias poden afectar a capacidade de mellora das infraestruturas e recursos da Facultade.
- A13.** Os cambios e desafíos que xurden na sociedade e no eido educativo (particularmente no que concirne ás novas tecnoloxías) requiren dunha adaptación constante para proporcionar unha formación innovadora, actualizada e de calidade aos futuros profesionais da educación.

4.2. Análise CAME

Nas subseccións que seguen preséntanse os resultados da análise CAME aplicada á Facultade polo que respecta aos catro obxectivos a tomar en consideración (Corrixir as Debilidades, Afrontar as Ameazas, Manter as Fortalezas e Explotar as Oportunidades), identificando as diferentes estratexias en función da interacción dos elementos da análise DAFO. A aplicación das estratexias adecuadas pode contribuír, por exemplo, a mellorar o funcionamento do centro, consolidar a súa reputación, mellorar a calidade da docencia impartida, ou facilitar o labor dos diferentes colectivos.

4.2.a) Fortalezas-Oportunidades: Estratexias de Reforzo (ER)

É posible explotar as fortalezas da Facultade para aproveitar as oportunidades empregando as **estratexias de reforzo** adecuadas, tales como as que seguen:

ER1. Manter a diversidade formativa:

A Facultade ofrece unha ampla gama de programas de formación docente, polo que é importante manter esta diversidade asegurándose de que os programas estean actualizados e sexan relevantes para as necesidades do mercado laboral e dos futuros docentes.

ER2. Manter, promocionar e visibilizar a identidade formativa:

A Facultade pode seguir promovendo a oferta de titulacións de Grao e Mestrado que teñan unha forte identidade formativa e un nivel vocacional destacado entre os estudantes. Isto aumentará a captación de alumnos e a calidade da formación ofrecida. O centro pode desenvolver campañas de comunicación que destaquen a identidade formativa das titulacións de Grao e Mestrado ofrecidas, e a singularidade dos programas de estudo, como como o Dobre Grao de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria e o MDAEN, e para isto pode empregar novas canles como as redes sociais. Isto axudará a atraer a estudantes cunha vocación clara, manter unha demanda sostida dos títulos ofertados, e visibilizar a Facultade a nivel nacional e internacional.

ER3. Aproveitar fontes de financiamento interno:

A Facultade pode aproveitar as convocatorias de axudas anuais da USC para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia e o financiamento de actividades de mestrados e prácticas de campo. Isto contribuír á manter altos indicadores de rendemento nas titulacións ofrecidas.

ER4. Manter o capital humano:

A Facultade conta cun profesorado cualificado e comprometido, polo que é esencial manter esta fortaleza fomentando a formación continua do profesorado, a creación de oportunidades para a investigación e para a participación en proxectos académicos, e o recoñecemento da excelencia docente e das horas efectivas de dedicación ás diferentes tarefas relacionadas coa docencia e a xestión.

ER5. Fomentar a formación continua:

A Facultade pode organizar actividades e participar en proxectos que contribúan á formación continua de profesorado e alumnado, o cal permitirá manter a actualización de coñecementos e habilidades dos docentes en exercicio e fortalecerá a formación complementaria do alumnado

ER6. Impulsar a investigación:

A Facultade pode fomentar a capacidade investigadora do persoal docente animando ao PDI á participación en proxectos de investigación e direccións de teses, e informando de convocatorias de axudas e iniciativas para a colaboración con empresas e institucións externas. Isto axudará a fortalecer o prestixio e a visibilidade da Facultade a nivel nacional e internacional e fomentará a innovación educativa.

ER7. Continuar a mellora da coordinación horizontal e vertical:

A Facultade pode seguir traballando na mellora da coordinación horizontal e vertical do persoal docente, a través da elaboración de documentos guía e protocolos de actuación. Isto con tribuirá a unha experiencia educativa máis integrada e de calidade.

ER8. Apoiar ao PAS:

Así mesmo, é importante atender ás necesidades do PAS do centro brindando apoio e recursos adecuados e recoñecendo a súa dedicación e compromiso, para que este poida continuar desenvolvendo o seu labor de xeito eficaz.

ER9. Manter as relacións externas:

A Facultade ten relacións establecidas con outras institucións educativas, organizacións ou empresas, e é importante manter e fortalecer estas alianzas estratéxicas colaborando en proxectos conxuntos, e propiciando o intercambio de experiencias e boas prácticas, recursos e coñecementos, e a participación en redes profesionais.

ER10. Obter financiamento adicional:

A Facultade pode continuar a buscar oportunidades de financiamento a través de convocatorias externas de axudas, premios ou subvencións para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia, así como para o financiamento de actividades de mestrados oficiais e prácticas de campo.

ER11. Manter unha comunicación efectiva:

A Facultade pode asegurarse de que a súa páxina web continúa actualizada e sexa accesible, proporcionando toda a información relevante sobre o centro. Isto axudará a manter unha comunicación efectiva cos estudantes, o persoal docente e outras partes interesadas.

ER12. Fomentar a formación e a orientación do alumnado:

O programa de formación e orientación do estudantado da Facultade pode contribuir a manter os datos satisfactorios de rendemento. Nese sentido, convén

revisar periódicamente as actividades do Plan FORTE e axustalas ás necesidades de formación e orientación que se detecten, aproveitando a colaboración de diferentes servizos da USC (Área de Orientación Laboral, SEPIU, etc.).

4.2.b) Fortalezas-Ameazas: Estratexias Correctoras (EC)

Para superar ameazas futuras empregando as fortalezas, pódense considerar as seguintes **estratexias correctoras**:

EC1. Establecer novas alianzas con centros colaboradores:

A Facultade pode aproveitar o compromiso e as boas relacións existentes cos centros educativos receptores do alumnado en prácticas para traballar na expansión da súa rede de centros colaboradores para o Prácticum das titulacións de Grao. Isto facilitará o proceso de adscrición do estudiantado e mellorará a calidade das prácticas realizadas.

EC2. Mellorar a planificación e xestión de recursos:

A Facultade pode aproveitar o seu capital humano e o compromiso do persoal docente e administrativo para optimizar a distribución de recursos e paliar a falta de persoal. Isto permitiría unha mellor asignación de espazos e recursos para a docencia.

EC3. Promover a participación dos grupos de interese:

A Facultade conta cun elevado número de alumnado matriculado, e con recursos humanos cualitativamente excelentes. Cómpre manter una comunicación aberta e colaborativa co PDI, PAS e alumnado, fomentando a súa participación e o intercambio de ideas para a mellora do funcionamento do centro. Nese sentido, pódense tomar medidas para promover a participación do alumnado en comisións e órganos colexiados da Facultade, por exemplo, mediante sesión informativas. Isto fortalecería a representación estudiantil na toma de decisións.

EC4. Visibilizar o centro:

Malia que a Facultade non ten actualmente problemas de captación de alumnado, a situación pode cambiar no futuro, tendo en conta ademais a competencia de centros similares. Cómpre publicitar o centro e visibilizar os seus programas de formación, salientando aqueles aspectos que o fan único. Para isto cómpre ampliar as canles de comunicación, recorrendo por exemplo a redes sociais, co fin de atraer a alumnado interesado na carreira docente.

4.2.c) Debilidades-Oportunidades: Estratexias de Acción (EA)

Para superar as debilidades aproveitando as oportunidades externas, pódense ter en conta as seguintes **estratexias de acción**:

EA1. Aproveitar o traslado ao Campus de Fingoi:

A Facultade pode aproveitar o futuro traslado ao Campus de Fingoi para participar activamente na toma de decisións sobre a nova Facultade e conseguir así unha melloras significativa das instalacións, os recursos, os horarios e a dispoñibilidade de aulas. Isto permitirá ofrecer unha experiencia educativa de maior calidade e unha mellor adaptación ás necesidades do alumnado.

EA2. Establecer colaboracións internacionais:

A Facultade pode aproveitar as redes específicas internacionais de educación ao aire libre e as oportunidades de colaboración para situarse nun escenario privilexiado en Europa. Isto permitirá formar parte de correntes pedagóxicas innovadoras e enriquecer a formación ofrecida a través do MDAEN.

EA3. Revisar e adaptar as titulacións:

A Facultade pode aproveitar as oportunidades que brinda a USC para propoñer e modificar titulacións de Grao e Mestrado. Isto permitirá axustar as memorias dos títulos ás novas necesidades e mellorar a calidade das titulacións impartidas

EA4. Impulsar a formación do persoal:

A Facultade pode promover os programas de formación e desenvolvemento profesional ofrecidos pola universidade para o persoal docente e administrativo. Isto mellorará a calidade da docencia impartida e fortalecerá as habilidades e coñecementos do seu PDI

EA5. Fomentar a participación do alumnado en comisións e órganos de representación:

A Facultade pode desenvolver iniciativas para impulsar a participación do alumnado en comisións e órganos colexiados da facultade, aproveitando as convocatorias periódicas de procesos electorais.

EA6. Aproveitar os programas de difusión e servizos da universidade:

A Facultade pode aproveitar a participación en programas como A Ponte e o Campus XuvenCienca para difundir a especificidade da formación que ofrece e captar máis alumnado. Ademais, pode aproveitar os servizos ofrecidos pola universidade, como a área de orientación laboral, a oficina de desenvolvemento sostible e a oficina de igualdade de xénero, para mellorar a formación e orientación do estudiantado.

EA7. Aproveitar as ferramentas telemáticas e colaborar con outras institucións:

A facultade pode aproveitar a expansión dos medios telemáticos para a docencia e investigación como resultado da pandemia de Covid-19. Isto permitirá utilizar novas ferramentas e canles de traballo e comunicación, tanto dentro da facultade como en colaboración con outras comunidades e países. Ademais, pode participar en actividades científicas e académicas en colaboración con outras institucións, o que contribuirá ao avance do coñecemento e a formación dos profesionais da educación, así como á visibilización da Facultade.

EA8. Fomentar a colaboración interdisciplinaria:

A Facultade conta cun PDI de perfís diversos e pertencentes a moi diferentes áreas, cun elevado grao de vencellamento ao Campus de Santiago, onde se localizan as sés dos Departamentos e da maioría de grupos de investigación. Promover o traballo colaborativo entre docentes de diferentes áreas e disciplinas dentro da facultade pode xerar sinerxias e enfoques innovadores na formación de profesores. Isto pode lograrse a través da creación de espazos de traballo conxunto, a organización de eventos interdisciplinarios e a promoción de proxectos de investigación colaborativos.

4.2.d) Debilidades-Ameazas: Estratexias de Supervivencia (ES)

Finalmente, para afrontar as ameazas non deixando medrar as debilidades, pódense considerar as seguintes **estratexias de supervivencia**:

ES1. Reformar espazos:

A Facultade pode buscar solucións para abordar a insuficiencia de espazos, destinando recursos para mellorar as infraestruturas xa existentes (dotación de espazos, tecnoloxía e mobiliario), reasignando funcións ou realizando axustes nas instalacións. Isto contribuirá a facilitar o desenvolvemento das actividades do centro e á mellora da calidade do ensino.

ES2. Aliñar a oferta de prazas de novo ingreso coa capacidade da Facultade:

A Facultade pode desenvolver iniciativas para o cumprimento do límite de prazas de novo ingreso establecido nas Memorias dos Títulos de Grao. Isto mellorará a ratio profesor-alumno e permitirá unha mellor calidade da docencia impartida.

ES3. Fortalecer os recursos humanos:

A Facultade pode buscar solucións para abordar a insuficiencia de recursos humanos, tanto en termos de persoal administrativo como de profesorado: pode solicitar ás instancias oportunas a contratación de persoal adicional, ou intentar mellorar as condicións laborais do persoal e fomentar a súa estabilización (por exemplo, con medidas de conciliación en canto aos seus horarios, establecendo premios ou incentivos para recoñecer o seu labor, programas de formación e actualización, programas de apoio para profesorado novo, ou brindando oportunidades de investigación e publicación), e creando un ambiente de traballo positivo e colaborativo. Isto permitirá ofrecer unha educación de calidade e mellorar a satisfacción do alumnado.

ES4. Incluír na gravación inicial do POD as horas de TFG, TFM e Prácticum:

A Facultade pode solicitar á Vicerreitoría de Profesorado e á de Organización Académica que se lles permita aos departamentos a gravación de horas de TFG, TFM e Prácticum no prazo ordinario de gravación do resto de materias do POD. Isto permitirá un mellor axuste entre a capacidade estimada e a carga real de traballo do PDI, mellorando a estruturación dos horarios e a satisfacción de alumnado e profesorado.

ES5. Promover a participación en programas de mobilidade:

A facultade pode impulsar iniciativas para fomentar a participación do profesorado e o estudiantado en programas de mobilidade, o que mellorará a internacionalización e a experiencia de aprendizaxe e brindará oportunidades de enriquecemento académico e cultural. Isto pode facerse, por exemplo, mediante accións divulgativas dos programas de intercambio.

ES6. Fortalecer a xestión e mellorar a comunicación:

A facultade pode traballar para o fortalecemento da xestión interna, procurando unha asignación eficiente de cargos, e solicitar aos Departamentos con docencia na Facultade unha adecuada asignación de docentes tendo en conta os perfís das titulacións. Ademais, é importante mellorar a comunicación co persoal e o estudiantado, asegurando que a páxina web da facultade estea actualizada e dispoñible en varios idiomas, de xeito que se favorezan a internacionalización e a mobilidade.

ES7. Adaptarse aos cambios na demanda:

É esencial prestar atención aos posibles cambios na demanda de programas e contidos de formación docente e adaptarse en consecuencia, particularmente tendo en conta a evolución das necesidades e prácticas pedagóxicas na era dixital. Isto pode implicar a actualización dos plans de estudo, a incorporación de novas tecnoloxías no ensino e a identificación de áreas emerxentes de interese para os futuros docentes.

ES8. Fomentar a innovación e a mellora continuas:

É importante fomentar a cultura da innovación e a mellora continua na Facultade. Isto implica estar abertos a novas ideas e enfoques, e buscar constantemente formas de mellorar a calidade do ensino e a investigación.

ES9. Impulsar programas de doutoramento:

A Facultade pode tomar medidas dentro das súas capacidades para atraer programas de doutoramento que reteñan a alumnado e profesorado.

5. LIÑAS ESTRATÉGICAS (LE)

5.1. Introducción ás liñas estratéxicas

Para extraer as liñas estratéxicas de actuación tomáronse en consideración, por unha banda, os resultados da diagnose estratéxica realizada a nivel de centro, e por outra, as seis directrices contempladas na Memoria de Calidade. A análise comparativa de ámbolos dous elementos deu como resultado unha relación de cinco áreas de interese que poden concentrar os obxectivos estratéxicos **prioritarios e viables** para a Facultade: **o deseño e desenvolvemento dos plans e procesos de aprendizaxe, o alumnado como eixe central do proceso ensino-aprendizaxe, os recursos humanos do centro, as**

infraestruturas e recursos materiais, e a visibilidade do centro e a calidade da información que fai pública.

5.2. Listaxe de liñas estratéxicas e xustificación das mesmas

De acordo co exposto anteriormente, as liñas estratéxicas contempladas son as seguintes:

LE1. DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DOS PLANS E PROCESOS DE APRENDIZAXE

LE2. ATENCIÓN AO ALUMNADO

LE3. RECURSOS HUMANOS

LE4. INFRAESTRUTURAS E RECURSOS MATERIAIS

LE5. VISIBILIDADE E INFORMACIÓN PÚBLICA

A primeira liña xustifícase pola necesidade de manter unha oferta de titulacións atractiva, actualizada e coordinada, coa colaboración efectiva dunha rede o máis ampla posible de centros externos, e cunha xestión axeitada da calidade da docencia impartida, implementando procesos de revisión e mellora continua.

A segunda liña ven determinada pola responsabilidade de prestar atención ás necesidades do alumnado como centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mellorando a súa orientación académica e profesional, fomentando a súa participación nas enquisas de satisfacción, e proporcionando apoio e recursos para favorecer a súa motivación, facilitar a súa aprendizaxe e desenvolvemento académico e persoal, e capacitálo para afrontar con confianza os desafíos educativos do século XXI.

A terceira liña xustifícase porque o capital humano é un dos piares fundamentais para o bo funcionamento de calquera organización e o motor que impulsa o seu éxito, polo que cómpre tamén prestar atención ás súas necesidades, facilitar o seu labor, a súa formación continua e a súa estabilización, e facer todos os esforzos posibles para que se manteña comprometido e motivado

A cuarta liña ten a súa xustificación no feito de que as infraestruturas e recursos son esenciais para o funcionamento eficiente de calquera organización e para a consecución dos seus obxectivos. A xestión eficiente dos recursos e os espazos do centro é necesaria para proporcionar un ambiente de traballo e aprendizaxe seguro e contribúe a mellorar a calidade do ensino, polo que cómpre prestar atención a este aspecto e desenvolver iniciativas para procurar que os espazos, equipos, instalacións e recursos se axusten ás necesidades dos usuarios, realizando as actualizacións e modificacións pertinentes.

A quinta liña xustifícase polo feito de que é estratéxicamente adecuado aumentar a visibilidade da institución, xa que axuda a atraer a estudantado e profesorado, contribúe a establecer unha imaxe positiva do centro na comunidade, e é un xeito eficaz de manterse en conexión coa súa contorna. Publicitar o centro e as súas actividades pode

axudar a aumentar a participación e o compromiso dos grupos de interese e a comunidade en xeral. Por outra banda, esforzarse en que a información pública proporcionada sexa clara e accesible e estea actualizada é un aspecto ao que cómpre atender para manter e aumentar os indicadores de satisfacción dos grupos de interese.

Nas táboas que seguen preséntanse o DAFO e o CAME de cada liña estratéxica. Na análise DAFO pónñense en relación as liñas estratéxicas coas Fortalezas, Oportunidades, Debilidades e Ameazas detectadas, as cales aparecen identificadas co seu número de orde correspondente (Ver apartado 4.1.). Na análise CAME identifícanse as Estratexias de Reforzo, de Acción, Correctoras e de Supervivencia relacionadas con cada liña, empregando tamén o seu número de orde correspondente (Ver apartado 4.2.).

5.3. LE1: DAFO e CAME

Nas Táboas 2 e 3 sintetízanse as análises DAFO e CAME da Liña Estratéxica 1 (LE1: Deseño e desenvolvemento dos plans e procesos de aprendizaxe):

Táboa 2. LE1: Análise DAFO

| LE1: DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DOS PLANS E PROCESOS DE APRENDIZAXE | Aspectos positivos | Aspectos negativos |
|---|--|---|
| <p>Condicións internas orientación ao presente</p> | <p>Fortalezas: F2: centro único en Galicia na súa oferta formativa F3: demanda sostida das titulacións F4: graos formativos e vocacionais F5: a dobre titulación favorece a captación e eleva a cualificación de acceso do alumnado F6: perfil único do MDAEN que outorga visibilidade F7: o MDAEN complementa a formación dos egresados e permite acceder a Doutoramento F8: o MPES ten demanda sostida e habilita para profesión regulada F9: curso de formación de profesorado de FP que habilita para profesión regulada F10: mellorouse a coordinación horizontal e vertical F13: o PDI participa en proxectos de ApS e innovación educativa F15: o centro capta recursos mediante convocatorias de axudas F18: reparto máis eficiente de tarefas co novo Vicedecanato</p> | <p>Debilidades: D1: a rede de centros colaboradores do Prácticum non é o suficientemente ampla e estable D3: o límite de prazas de novo ingreso non se respecta D5: elevada ratio de estudantes por docente D15: as memorias dos títulos precisan axustes e actualizacións</p> |
| | <p>Oportunidades:</p> | <p>Ameazas:</p> |

| | | |
|---|---|--|
| <p>Condicións externas orientación ao futuro</p> | <p>O2: oportunidades de desenvolvemento do Campus Terra O3: redes internacionais de educación ao aire libre O4: captación de recursos mediante protocolos de colaboración O5: calendario periódico de propostas de modificacións de títulos O6: implantación de titulacións de posgrao O8: boas relacións cos centros de prácticas O1: dispoñibilidade de profesionais externos para formación complementaria O17: actividades de colaboración con institucións nacionais e internacionais O18: incremento da capacidade de planificación e execución de proxectos co novo Vicedecanato</p> | <p>A1: a mobilidade excesiva do profesorado ameaza a continuidade nas materias A3: competencia doutros centros A4: limitada oferta de emprego A5: a escaseza e precariedade do profesorado ameaza a calidade dos títulos impartidos A6: escasa implicación da Consellería no Prácticum A8: falta de programas de doutoramento que favorezan captación e permanencia A10: condutas disruptivas do alumnado A13: adaptación a cambios e desafíos educativos</p> |
|---|---|--|

Táboa 3. LE1: Análise CAME

| <p>LE1: DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DOS PLANS E PROCESOS DE APRENDIZAXE</p> | <p>Oportunidades</p> | <p>Ameazas</p> |
|---|---|---|
| <p>Fortalezas</p> | <p>Estratexias de reforzo: ER1: manter a diversidade formativa ER2: manter, promocionar e visibilizar a identidade formativa ER3: aproveitar fontes de financiamento interno ER7: continuar mellora da coordinación horizontal e vertical ER9: manter relacións externas ER10: obter financiamento adicional</p> | <p>Estratexias correctoras: EC1: establecer novas alianzas con centros colaboradores</p> |
| <p>Debilidades</p> | <p>Estratexias de acción: EA3: revisar e adaptar as titulacións EA7: aproveitar ferramentas telemáticas e colaborar con outras institucións EA8: fomentar colaboración interdisciplinaria</p> | <p>Estratexias de supervivencia: ES2: aliñar oferta de ingreso con capacidade do centro ES7: adaptarse aos cambios na demanda ES8: fomentar innovación e mellora ES9: impulsar programas de doutoramento</p> |

5.4. LE2: DAFO e CAME

Do mesmo xeito, nas Táboas 4 e 5 sintetízanse as análises DAFO e CAME da Liña Estratégica 2 (LE2: Atención ao alumnado):

Táboa 4. LE2: Análise DAFO

| LE2: ATENCIÓN AO ALUMNADO | Aspectos positivos | Aspectos negativos |
|--|---|---|
| Condicións internas orientación ao presente | Fortalezas: F4: graos formativos e vocacionais F11: éxito do plan FORTE-FFP F16: bos indicadores de rendemento F18: reparto máis eficiente de tarefas co novo Vicedecanato F19: optimización do uso do Campus Virtual por parte do PDI | Debilidades: D10: baixa participación do alumnado en programas de mobilidade D11: baixa representación do alumnado en comisións e órganos do centro D16: baixa participación do alumnado nalgunhas enquisas de satisfacción |
| Condicións externas orientación ao futuro | Oportunidades: O11: convocatorias periódicas de procesos electorais O13: servizos á comunidade universitaria que se poden aproveitar, O14: dispoñibilidade de profesionais externos para formación complementaria O18: incremento da capacidade de planificación e execución de proxectos co novo Vicedecanato | Ameazas: A8: falta de programas de doutoramento que favorezan captación e permanencia A10: condutas disruptivas do alumnado |

Táboa 5. LE2: Análise CAME

| LE2: ATENCIÓN AO ALUMNADO | Oportunidades | Ameazas |
|---------------------------|--|--|
| Fortalezas | Estratexias de reforzo: ER5: fomentar formación continua ER11: manter comunicación efectiva | Estratexias correctoras: EC1: establecer novas alianzas con centros colaboradores EC3: promover participación dos grupos de interese |
| Debilidades | Estratexias de acción: EA5: fomentar participación do alumnado en comisións e órganos de representación EA6: aproveitar programas e servizos da USC | Estratexias de supervivencia: ES2: aliñar oferta de ingreso con capacidade do centro ES3: fortalecer recursos humanos ES4: incluír horas de traballo no POD ES5: promover participación en programas de mobilidade ES8: fomentar innovación e mellora ES9: impulsar programas de doutoramento |

5.5. LE3: DAFO e CAME

A continuación, nas Táboas 6 e 7 sintetízanse as análises DAFO e CAME da Liña Estratégica 3 (LE3: Recursos humanos):

Táboa 6. LE3: Análise DAFO

| LE3: RECURSOS HUMANOS | Aspectos positivos | Aspectos negativos |
|--|--|---|
| Condicións internas orientación ao presente | Fortalezas: F10: mellorouse a coordinación horizontal e vertical F12: capital humano dedicado, comprometido e eficiente F13 : o PDI participa en proxectos de ApS e innovación educativa F14: incremento da capacidade investigadora F18: reparto máis eficiente de tarefas co novo Vicedecanato | Debilidades: D4: recursos humanos insuficientes e sobrecargados D6: falta de inclusión de horas de Prácticum, TFM e TFG no POD inicial D7: elevado número de profesorado asociado D8: contratación precaria do PDI D9: imposibilidade de descontar HDEs D10: baixa participación do PDI en programas de mobilidade D12: ausencia de persoal especializado para o mantemento da web D13: grupos de investigación, innovación e traballo interdisciplinar escasos D14: excesiva mobilidade de profesorado intercampus |
| Condicións externas orientación ao futuro | Oportunidades: O6: implantación de titulacións de posgrao O9: cursos do PFID O10: cursos do Servizo de Planificación e Organización do PAS O18: incremento da capacidade de planificación e execución de proxectos co novo Vicedecanato | Ameazas: A2: concentración de grupos de investigación no Campus de Santiago A5: a escaseza e precariedade do profesorado ameaza a calidade dos títulos impartidos A7 falta de recoñecemento das tarefas docentes en acreditacións externas A8: falta de programas de doutoramento que favorezan captación e permanencia A9 escaso recoñecemento das tarefas de Prácticum e coordinación docente |

Táboa 7. LE3: Análise CAME

| LE3: RECURSOS HUMANOS | Oportunidades | Ameazas |
|-----------------------|--|---|
| Fortalezas | Estratexias de reforzo: ER4: manter o capital humano, ER5: fomentar formación continua ER6: impulsar a investigación ER8: apoiar ao PAS | Estratexias correctoras: EC2: mellorar planificación e xestión de recursos |
| Debilidades | Estratexias de acción: EA4: impulsar a formación do persoal | Estratexias de supervivencia: ES2: aliñar oferta de ingreso con capacidade do centro ES3: fortalecer recursos humanos ES4: incluír horas de traballo no POD, ES6: fortalecer xestión e mellorar comunicación ES8: fomentar innovación e mellora, ES9: impulsar programas de doutoramento |

5.6. LE4: DAFO e CAME

De xeito similar, nas Táboas 8 e 9 sintetízanse as análises DAFO e CAME da Liña Estratéxica 4 (LE4: Infraestruturas e recursos materiais):

Táboa 8. LE4: Análise DAFO

| LE4: INFRAESTRUTURAS E RECURSOS MATERIAIS | Aspectos positivos | Aspectos negativos |
|--|---|---|
| Condicións internas orientación ao presente | Fortalezas: F15: o centro capta recursos mediante convocatorias de axudas F18: reparto máis eficiente de tarefas co novo Vicedecanato F19: traballo feito en modernización dos equipamentos das aulas | Debilidades: D2: insuficiencia de espazos D3: o límite de prazas de novo ingreso non se respecta |
| Condicións externas orientación ao futuro | Oportunidades: O1: traslado ao Campus de Fingoi O4 captación de recursos mediante protocolos de colaboración O16: novas canles e ferramentas de traballo e comunicación O18: incremento da capacidade de planificación e execución de proxectos co novo Vicedecanato | Ameazas: A12: limitacións orzamentarias |

Táboa 9. LE4: Análise CAME

| LE4: INFRAESTRUTURAS E RECURSOS MATERIAIS | Oportunidades | Ameazas |
|--|--|---|
| Fortalezas | Estratexias de reforzo: ER3: aproveitar fontes de financiamento interno ER10: obter financiamento adicional | Estratexias correctoras: EC2: mellorar planificación e xestión de recursos |
| Debilidades | Estratexias de acción: EA1: aproveitar o traslado ao Campus de Fingoi | Estratexias de supervivencia: ES1: reformar espazos ES2: aliñar oferta de ingreso con capacidade do centro |

5.7. LE5: DAFO e CAME

Finalmente, nas Táboas 10 e 11 sintetízanse as análises DAFO e CAME da Liña Estratégica 5 (LE5: Visibilidade e información pública):

Táboa 10. LE5: Análise DAFO

| LE5: VISIBILIDADE E INFORMACIÓN PÚBLICA | Aspectos positivos | Aspectos negativos |
|--|--|--|
| Condicións internas orientación ao presente | Fortalezas: F1: centro histórico, recoñecido e que concentra un elevado número de alumnado no Campus F6: perfil único do MDAEN que outorga visibilidade F9: curso de formación de profesorado de FP que habilita para profesión regulada F17: información pública avaliada satisfactoriamente F18: reparto máis eficiente de tarefas co novo Vicedecanato | Debilidades: D12: ausencia de persoal especializado para o mantemento da web |
| Condicións externas orientación ao futuro | Oportunidades: O3: redes internacionais de educación ao aire libre O7: singularidade do centro na oferta formativa O12: participacións en actividades de captación e difusión O15 contacto co gabinete de comunicación da USC e medios de comunicación locais O18: incremento da capacidade de planificación e execución de proxectos co novo Vicedecanato | Ameazas: A3: competencia doutros centros A4: limitada oferta de emprego A11: webs oficiais das facultades rixidas e difíciles de consultar |

Táboa 11. LE5: Análise CAME

| LE5: VISIBILIDADE E INFORMACIÓN PÚBLICA | Oportunidades | Ameazas |
|---|---|---|
| Fortalezas | Estratexias de reforzo: ER2: manter, promocionar e visibilizar a identidade formativa ER6: impulsar a investigación ER9: manter relacións externas ER11: manter comunicación efectiva | Estratexias correctoras: EC4: visibilizar o centro |
| Debilidades | Estratexias de acción: EA2: establecer colaboracións internacionais EA6: aproveitar programas e servizos da USC EA7: aproveitar ferramentas telemáticas e colaborar con outras institucións | Estratexias de supervivencia: ES6: fortalecer xestión e mellorar comunicación |

6. OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS (OE)

6.1. Introducción aos obxectivos estratégicos

Unha vez identificadas e analizadas as liñas estratégicas de actuación, para cada unha das diferentes liñas completárase un cadro de mando que estableza os obxectivos estratégicos (OE) e as correspondentes accións asociadas. Os criterios considerados para a selección de obxectivos estratégicos son o seu carácter **prioritario**, a **viabilidade** do seu cumprimento no horizonte temporal do Plan Estratégico, e as **capacidades reais de actuación** da Facultade para corrixir as debilidades internas e superar as ameazas futuras. Neste senso, cómpre ter en conta que algunhas das cuestións susceptibles de mellora a diferentes niveis (tales como a contratación de recursos humanos, o alumnado de novo ingreso finalmente admitido, o POD do profesorado, a participación en enquisas de satisfacción non xestionadas polo propio centro, ou a insuficiencia de espazos) non son competencia directa da Facultade, sendo, por exemplo responsabilidade de Departamentos, Vicerreitorías ou outros servizos e órganos de goberno e xestión da Universidade, ou mesmo de organismos externos á mesma.

Asimesmo, cómpre considerar a dificultade para definir accións asociadas concretas nun horizonte temporal tan amplo, xa que as circunstancias poden cambiar, xurdindo ameazas ou oportunidades imprevistas que motiven propostas de accións non contempladas inicialmente. Por mor disto, nalgúns casos as accións propostas son de carácter xenérico, e concretáranse nas sucesivas Memorias de Calidade, xa que estas se elaboran con carácter anual, o cal posibilita realizar propostas máis concretas e realistas.

Tomando en consideración o anteriormente exposto, a listaxe de obxectivos estratégicos asociados a cada liña desglósase na táboa que segue:

Táboa 12. Liñas Estratégicas do PEC-FFP e Obxectivos Estratégicos asociados

| LIÑA ESTRATÉGICA (LE) | OBXECTIVO ESTRATÉGICO (OE) |
|---|---|
| LE1. DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DOS PLANS E PROCESOS DE APRENDIZAXE | OE1. Avanzar nos procesos de mellora da coordinación horizontal e vertical |
| | OE2. Posibilitar a impartición dunha docencia de calidade nunha contorna de convivencia e respecto |
| | OE3. Axustar os plans formativos ás novas necesidades e á normativa vixente |
| LE2. ATENCIÓN AO ALUMNADO | OE4. Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade |
| | OE5. Mellorar a formación e orientación académica e profesional do alumnado |
| | OE6. Incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción e nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro |

| | |
|---|--|
| LE3. RECURSOS HUMANOS | OE7. Impulsar a formación continua e a actualización do PDI e do PAS |
| | OE8. Fortalecer os recursos humanos da Facultade |
| | OE9. Fomentar a innovación docente e a colaboración interdisciplinaria |
| LE4. INFRAESTRUTURAS E RECURSOS MATERIAIS | OE10. Mellorar as instalacións e a dotación de recursos e tecnoloxías nos diferentes espazos |
| | OE11. Optimizar e acondicionar os espazos dispoñibles |
| LE5. VISIBILIDADE E INFORMACIÓN PÚBLICA | OE12. Aumentar a visibilidade da Facultade na súa contorna e fóra dela. |
| | OE13. Mellorar a páxina web da Facultade |

6.2. Táboas de obxectivos estratéxicos de cada LE

Nas táboas seguintes detállanse os obxectivos estratéxicos e accións dentro de cada unha das liñas estratéxicas establecidas (LE1 a LE5).

6.2.a) LE1: Obxectivos estratéxicos e accións

Táboa 13. LE1: Obxectivo Estratéxico 1 (OE1)

| | |
|--|---|
| Liña estratéxica: LE1. DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DOS PLANS E PROCESOS DE APRENDIZAXE | |
| Obxectivo estratéxico: OE1. Avanzar nos procesos de mellora da coordinación horizontal e vertical | |
| Xustificación do obxectivo estratéxico: cómpre asegurar un bo nivel de coordinación entre o profesorado que imparte docencia na mesma materia, curso e título, co fin de mellorar a calidade da docencia impartida, así como entre as persoas que se ocupan das tarefas de coordinación dos títulos con respecto ao equipo decanal e a coordinación de calidade, xa que isto facilitará unha xestión eficaz do centro e dos seus recursos, e redundará tamén na mellora no desenvolvemento dos programas formativos. | |
| Responsable do seguimento: Vicedecana da Facultade | Inicio: Xaneiro 2024 Fin: Decembro 2026 |
| Acción 1: Diseñar e actualizar ferramentas e protocolos de actuación para facilitar a coordinación horizontal e vertical. Tarefas: debate previo, deseño, posta en común para recompilar achegas, difusión | |
| Responsable de execución: Responsable de Calidade da Facultade | Período de execución: Xaneiro de 2024 – Decembro de 2026 |
| Evidencia documental: Actas de reunións de Comisións de Título e Calidade Informes de coordinadores de Título Enquisas de satisfacción | Indicador: Índices de satisfacción coa coordinación en enquisas externas e internas realizadas a alumnado e profesorado dende a Área de calidade e dende a propia Facultade Meta: satisfacción superior a 3 puntos sobre 5 nas enquisas |

Táboa 14. LE1: Obxectivo Estratégico 2 (OE2)

